

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 7 DE XULLO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00030336A.

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00019223E.

Aprobación do expediente de contratación "Subministro e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIs) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Subministración e implantación de 20 sistemas de alimentación ininterrompida (SAIS) para protexer a electrónica departamental e equipamentos máis críticos da administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, cun orzamento base de licitación de 32.004,50 euros (base impositiva de 26.450,00 euros e IVE do 21% por importe de 5.554,50 euros).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 32.004,50 euros que se imputará á partida orzamentaria 030 92001 626000 2018 2 EDUSI 6.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00032340X.

Prórroga do contrato póliza de seguro colectivo de accidentes (24h) para os empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato póliza de seguro colectivo de accidentes (24h) para os empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela, subscrito coa empresa MARKEL INSURANCE SE, SUCURSAL EN ESPAÑA.

A duración da prórroga será de 1 ano e os seus efectos estenderanse desde as 00:00 horas do día 10/07/2023 ata as 23:59 do día 09/07/2024, con independencia do día en que se adxudique.

Segundo.- Autorizar e comprometer 15.902,02 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria 030 92000 2240300.

Este importe está exento de IVE, #de acordo con o artigo 20.1.16ou da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

A desagregación anual do gasto desta prórroga é a seguinte:

ANUALIDADE IMPORTE

2023 7.951,01 €

2024 7.951,01 €